

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO DE ACCESO LIBRE, PARA O INGRESO NO CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A1, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 19 DE NOVEMBRO DE 2025 (DOG NÚM. 228, DO 25 DE NOVEMBRO).

En sesión celebrada o 4 de setembro de 2026, o tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo de acceso libre, para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, convocado por Resolución do 19 de novembro de 2025 (DOG núm. 228, do 25 de novembro), acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.2.10 da convocatoria.

Na cláusula II.1.2.10., da convocatoria establécese que: "Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria".

1. ESTRUCTURA DO PRIMEIRO EXERCICIO

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento oitenta (180) preguntas tipo test, relacionado co anexo do programa.

O exercicio dividirase en dúas partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cincuenta (50) preguntas da parte xeral-bloque I.

O exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta.

A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico e práctico de cento trinta (130) preguntas da parte xeral-bloque II, das cales cen (100) preguntas serán de contido teórico e trinta (30) preguntas serán sobre un suposto práctico tipo test, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal.

O exercicio disporá de oito (8) preguntas de reserva, das cales tres (3) serán sobre un suposto práctico.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha delas será a correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.



2. DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a. Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b. Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- c. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de duasetentas noventa e cinco (295) persoas aspirantes, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

O criterio expresado de obtención neste primeiro exercicio dunha porcentaxe mínima de acertos en cada unha das dúas partes ven referido respectivamente á primeira parte de contido teórico (50 preguntas) e á segunda parte de contido teórico e práctico (130 preguntas), sen que sexa posible compensar os acertos que excedan nunha parte cos que falten na outra.

Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, considéranse igualmente aprobadas.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo 25 puntos. Asignarase a valoración de 25 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os 25 e os 50 puntos, proporcional ao número de respostas correctas.

En Santiago de Compostela,

O Presidente o Tribunal

Juan José Nieto Montero

